

BANDO ALCALDÍA

Tendo en conta a situación de Estado de Alarma decretado polo Goberno Central a causa da propagación do **SARS-CoV-2**, o Concello de Agolada propón unha serie de recomendacións a ter en conta nos **CEMITERIOS** durante a festividade de **TODOS OS SANTOS E DEFUNTOS**.

Todas as medidas que aquí se propoñen axústanse a situación epidemiolóxica existente neste momento na Comunidade Autónoma de Galicia.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN PERSOAL

- Evitarase o contacto físico e cumprirse coa medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal.
- Cumpriranse as medidas de limitacións de agrupacións de persoas.
- Empregarase en todo momento a máscara cirúrxica/hixiénica.
- Non se poderá fumar na vía pública ou en espazos ao aire libre cando non se poda respectar unha distancia mínima interpersoal de, alomenos 2 metros.
- Realizarase unha adecuada hixiene de mans e hixiene respiratoria:
 - Lavado frecuente de mans con auga e xabón, así como solución ou xeles hidroalcolícos.
 - Usar panos desbotables ao tusir ou esberrar e desbotalos nunha papeleira tras o seu uso.
- Asegurarse da dispoñibilidade de xeles hidroalcolícos nos puntos distintos puntos do recinto.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Ampliar os horarios de apertura dos cemiterios co fin de espaciar as visitas e evitar aglomeracións.
- Respectar un aforo máximo dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo.
- De haber aseos a súa ocupación máxima será dunha persoa para espazos de 4 metros cadrados, salvo nas persoas que precisen axuda.
- Se o aseo conta con extractor, deberá estar en funcionamento continuo.
- Establecer un máximo de 4 persoas por grupo familia.
- Organizar a circulación de persoas dentro do cemiterio con circuítos diferenciados de entrada e saída do recinto.
- De existir aparcadoiro, organizarase evitando as aglomeracións de persoas.

MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

- Estableceranse unhas pautas de limpeza e desinfección daquelas superficies que poidan ser obxecto de contacto das mans dos visitantes (barandas, escaleiras, fontes...).
- Os aseos deberán contar con dispensadores de xabón e papel de secado e papeleira con apertura de accionamento non manual e dobre bolsa interior.
- Garantirase a existencia dun número adecuado de contenedores para depositar os residuos xerados (flores, botellas...) que deberán estar abertos ou con pedal de apertura

O Alcalde-Presidente,

Asdo: Luís Calvo Miguélez

